

CONTACTA CON
VIEIROS

NOVAS
HOXE AO COMPLETO
OPINIÓN
NO ESCÁNER
GALERÍAS
FOTOGRAFÍAS
ALGO ESPECIAL
ANTERIORES

COMUNIDADE
AXENDA
CHAT-CHAT-CHAT
FOROS
ENQUISAS
POSTAIS
TENDA

LIGAZÓNS
BUSCADOR
NOVIDADES
TOP100
DOSSIERS

PUBLICIDADE
QUE É VIEIROS

Criticar o crítico

Un artigo de: **María do Cebreiro**
[08/04/2005]

E quen defende aos escritores da crítica? A súa propia obra, dirá o crítico. Pois non. Propoño eu que as escritoras se defendan dos críticos. Por escrito, a poder ser. Mentres coidemos que a crítica consiste en falar mal (ou, o que é peor, ben) dunha obra, estaremos facendo mala crítica. Que ao crítico lle guste ou non lle guste o que leu ou o que non leu de (que de todo haberá) non debera, paréceme, importarlle a ninguén. Sería ben máis interesante preguntarse por que ou para que unha determinada obra. Tratar de mostrar o que a traxectoria dun autor di da súa posición nun tempo nun espazo coma estes. Desvelar as tensións. Poñer todas as cartas boca arriba. Quedamos, desde comezos do século pasado, en que a crítica significaba distancia, e non valoración.

Hai quen pensa que os críticos aseguran a "saúde" da cultura. Pero para gozar de saúde primeiro hai que coidarse. E non sei se o mellor xeito de coidar a cultura, que tamén son os libros e tamén somos corpos, pois o primeiro é sempre ser persoa, é cargar contra o primeiro que pasa. Contra a primeira que pasa.

Ante todo cortesía, que é civilización. Xa na retórica antiga a urbanitas, ou elegancia no falar, era recoñecida como unha das calidades que se lle esixían a calquera que ousase facer público exercicio da palabra, exercicio do que non sempre é doado saír indemne. Urbanitas, a palabra que leva no seu corpo a cidade. Iso é o que non temos. Con razón.

Menos mal que despois están os foros. Lugares onde quen le pode usar o seu dereito á réplica para dicir, se cadra, que non é proveitoso dedicarlle o seu tempo a un exercicio de desvalorización pública feita con pouco tacto e quizais con non boas intencións. Como lectora, eu sácolle a ese tipo de críticas o partido que lle sacaría a un chiste. Se é malo, nin as grazas. Cando está ben escrito ás veces río. Tamén se pode rir por puro compromiso. E despois sempre esquezo. Os chistes repetidos non fan graza. De verdade pensa alguén que nos fará mellores falar mal dos demais? Para iso, digo eu, mellor dar que falar.

Teño para min que toda escritora leva un crítico dentro. Cando se porta mal, soña con esfolalo. Cando se porta ben, sáelle unha obra estupenda. A crítica sempre é un xénero da escrita. Polo tanto, crítico igual a escritor. Non nos frustremos e que non nos frustren. Fagamos boa escrita. E longa vida á crítica e ás críticas.



María do Cebreiro

María do Cebreiro naceu en Santiago de Compostela en 1976. Escritora e investigadora, ten publicado poesía, ensaio e artigos de teoría crítica en distintas publicacións periódicas.

ÚLTIMOS ARTIGOS DE MARÍA DO CEBREIRO:

📖 [Música popular](#) (08/05/2005)

📖 [Ver todos os artigos de María do Cebreiro](#)

📖 [Máis artigos de opinión](#)